

SÉS volve a Ponteareas o 30 de setembro para o peche das festas

Páxina 3

Programa completo das Festas do Cristo do Porriño

Páxinas 10 e 11

Tomiño homenaxea a Tinita Ozores

Páxina 15

Remata a reforma do Torreiro da Forna en Budiño

Páxina 19

Aberto o prazo de inscrición nas Escolas Deportivas da Deputación

Páxina 17



0 persoal de Maderas Iglesias manterá a folga

Páxina 18

CONFITERIA

Regino

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Especialidade en
rosquillas e melindres



Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas

986 640 834

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

O PSOE de Ponteareas reivindica uns orzamentos de consenso cidadá

O PSdeG-PSOE de Ponteareas reivindica que os orzamentos municipais aprobados inicialmente polo goberno representan e recollen o bo estado económico e financeiro no que se atopa a vila.

“Estes son os primeiros orzamentos municipais dun concello saneado tralas débedas históricas herdadas do PP e ACIP” sinala Chus Garrote. Neste senso, os socialistas de Ponteareas recollen os orzamentos municipais como o impulso de grandes políticas de progreso e benestar social para os e as ponteareáns.

Desde o Partido Socialista destacan partidas como a de emerxencia social que crecen en 30.000 euros pasando a 120.000€, a de cultura con 50.000 euros (10.000 euros máis) ou a de obras de interese veciñal como a de traídas que



pasa de 15.000€ euros a 150.000€. Con todo, o PSdeG-PSOE reafirma que estes orzamentos van mellorando cada vez máis aos de anos anteriores, sempre dentro da realidade económica, para cumprir coas demandas dos veciños e veciñas de Ponteareas.

Tralo pleno extraordinario do pasado luns, a Secretaria Xeral do PSdeG-PSOE de Pon-

teareas, Chus Garrote, culpa directamente a PP e ACIP de querer romper o consenso social de progreso acadado nestes orzamentos. “Os orzamentos municipais permiten por primeira vez en décadas consolidar e avanzar na creación de servizos públicos así como na baixada de impostos como o de construcións e reformas” sinala Chus Garrote.

Chus Garrote acusa á Xunta de Galicia e Partido Popular de desmantelar o rural en Ponteareas

A tenente de alcalde do Concello de Ponteareas, Chus Garrote, alerta sobre a política de desmantelamento do rural que está levando a cabo a Xunta de Galicia e o Partido Popular en Ponteareas con resultados nefastos para a vila do Tea.

A edil socialista denuncia que a Xunta de Galicia está recortando servizos básicos no rural como o transporte ou o ensino. “Vimos como recortaron máis do 70% liñas de bus ao Hospital Álvaro Cunqueiro e o estamos sufrindo agora tamén coa eliminación das escolas públicas do rural como a de San Mateo” denuncia a Secretaria Xeral do PSOE ponteareán, Chus Garrote.

O PSOE ponteareán explica que os recortes de servizos e

desmantelamento do rural da Xunta obedecen a un plan de axuste do gasto ante a grave problemática de avellentamento da poboación galega e crecemento vexetativo negativo. “O goberno de Alberto Núñez Feijóo está empregando Ponteareas como o seu particular laboratorio de experimentos”

Así mesmo, a tenente de alcalde Chus Garrote acusa directamente a Belén Villar de traizoar os intereses dos ponteareáns. “Belén Villar demostrou preferir quedar ben ante o seu xefe para ascender no PP, que traballar polo ben de Ponteareas” sentencia Chus Garrote.

A responsable do PSdeG-PSOE de Ponteareas esíxelle ao Presidente da Xunta de Galicia, o popular Alberto Núñez Feijóo, rectificar nas súas po-

líticas no rural ponteareá e garantir condicións de repoboamento efectivos devolvendo servizos como o de transporte e o de educación así como un política de natalidade efectiva para corrixir a longo prazo o grave problema que está sufrindo Galicia.

Para EU o peche da unitaria de San Mateo é unha decisión política

Logo da xuntanza mantida entre representantes de pais e nais de San Mateo e do concello -co Secretario Xeral Técnico de Ensino e a Subdirectora de Centros- Esquerda Unida ve clara a intención do goberno da Xunta de Galicia de pechar progresivamente as escolas unitarias.

Os argumentos legais manifestados polos representantes do goberno galego para evitar neste momento a matrícula na unitaria de San Mateo ao alumnado cuxas familias teñen interese en facela non son máis que o punto a onde verdadeiramente querían chegar dende a Xunta. Indican agora, logo de que en anteriores reunións aseguraran o contrario, que unha vez publicada a orde de modificación dos centros escolares onde se suprime a unidade de San Mateo, sería incorrer en prevaricación se neste momento se aceptaran matriculacións na mesma.

Pero o certo é que por unha banda, non se promove desde as instancias educativas a matrícula do alumnado en escolas unitarias. Tal e como indicaron os representantes das familias, se a Xunta tivera interese en manter abertas as unitarias,

promovería como primeira opción para o alumnado a súa matriculación na escola unitaria máis próxima, cousa que non está a facer.

Por outra banda é un feito, e así o asegurou tamén o secretario técnico, que a súa política é que unha vez pechada unha escola unitaria, non se volva a abrir.

Polo tanto, con estas dous sinxelas cuestións conseguen que cada vez que hai un baixón puntual de alumnado, a unitaria se peche para sempre.

Aplican a man dura ao ensino público mentres seguen a aumentar recursos á educación concertada.

Esquerda Unida considera que se a Xunta tivera interese en manter aberta a unitaria non tería máis que emitir unha modificación parcial, tal e como se fai noutras ocasións e para diversas cuestións, da orde do 16 de xullo na que entre outras se suprime a unidade de San Mateo.

Sen dúbida, estamos ante unha decisión política do goberno do PP ante a que, soamente coa loita das nais e pais de San Mateo xunto co apoio do resto da comunidade educativa, veciñanza e Corporación municipal, se pode facer fronte.

"Unha noite de amor con Lela"

30 Setembro 19:30h

Auditorio Municipal Reveriano Scutulla (Ponteareas)

PONTEAREAS

CONCERTO

Banda de Música Xuvenil de Xinzo

PONTEARAS

Ponteareas da un paso máis na prevención dos incendios forestais

O goberno de Ponteareas levou ao pleno extraordinario a adhesión ao convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP (Federación Galega de Municipios) e SEAGA, en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

As faixas secundarias son o cinturón vexetal que se atopa máis preto das vivendas e dos núcleos habitados. A nova lexislación contempla que estas faixas secundarias se extendan en 50 metros de distancia arredor dos núcleos e casas as zonas que deben estar desbrozadas e rozadas e donde non pode haber especies pirófitas (piñeiros, eucaliptos, acacias...)

Este convenio Xunta-FEGAMP-SEAGA ten por obxecto instrumentar a cooperación da Xunta de Galicia a través da



Consellería de Medio Rural, SEAGA (sociedade mercantil pública autonómica, Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A) e a FEGAMP, cos concellos que voluntariamente se adhiran ao convenio, mediante o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nos montes ou terreos forestais incluídos nas faixas secundarias de xestión de biomasa. Entre as cuestións que se contemplan no acordo está a posibilidade de que os veciños soliciten a xestión da biomasa por SEAGA.

Entre as cuestións que se contemplan no acordo está a posibilidade de que os veciños e veciñas das zonas que a Xunta recoñeza como de maior risco soliciten a xestión da biomasa por SEAGA.

Esta medida complementará a liña xa iniciada polo goberno local para contar cun Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais así como a tramitación relacionada coas obrigas dos particulares para a xestión de biomasa e a retirada de especies arbóreas.

SÉS volve a Ponteareas o 30 de setembro para o peche das festas

O concello de Ponteareas anuncia a actuación o vindeiro día 30 de setembro da cantante galega Sés que volverá visitar a cidade coincidindo co peche das festas para ofrecer un concerto ao aire libre ao terse que trasladar o concerto programado para o pasado sábado día 8 ao auditorio municipal por mor das inclemencias meteorolóxicas.

Atendendo ás demandas

da veciñanza e a toda a xente que ese día non puido desfrutar, o concello de Ponteareas volverá traer á cantante Sés para que todos os que non puideron desfrutar da súa actuación o pasado sábado poidan ter unha nova oportunidade de desfrutar das súas letras e da súa potente voz.

Días antes do concerto o concello informará da hora e do lugar no que se celebrará, sempre de balde.



Óptica mahen
mahen audioprótesis Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

HUMOR

Un orixinal certame en Italia

Por Francisco Puñal Suárez

En Le Piastre, unha pequena vila da provincia de Pistoia, Italia, organizouse o 42 Campionato da Mentira Artística, no que en diferentes categorías como o debuxo humorístico, o monólogo, e a literatura, os participantes demostran a súa imaxinación e inventiva, que satirizan a realidade e nesta nova edición, o tema central foi o cambio climático.

A esaxeración, a ironía e o absurdo, entre outros, elementos expresivos de situacións cómicas, están moi presentes nas obras presentadas neste certame.

O humor co seu carácter de inventiva, de cuestionamiento da realidade e de trastornar os valores, convértese tamén neste pobo enxeñoso e creativo, nun elemento crítico, nutritivo e purificador.

Na categoría de debuxos para participantes italianos, o primeiro lugar obtívoo Lucio Trojano; o segundo, Gianfranco Tartaglia; e o terceiro, Sergio Tassarolo, mentres que na competencia internacional, o kurdo-iraní Heibat Ahmadi gañaba o primeiro premio; o segundo lugar foi para o ruso Aleksei Kivokurtsev e o terceiro, para o turco Halit Kurtulmu Aytoslu.

Trojano interpretou o tema do cambio climático, ao debuxar un plumizo ceo tormentoso, que un paisano levanta cunha palanca ata que descubres o azul detrás.

Dedicada á seca é a interpretación de Ahmadi, que deseñou un equipo de bombeiros decidido a salvar a única pinga de auga que cae das nubes escasas. As dúas caricaturas prevaleceron entre as máis de mil chegadas de Italia e de todo o mundo.



1- Lucio Trojano - Italia



1- Heibat Ahmadi - Irán



2- Aleksei Kivokurtsev - Rusia



2- Gianfranco Tartaglia - Italia



3- Sergio Tassarolo - Italia



3- Halit kurtulmuş Aytoslu - Turquía



Mención - Marco De Angelis, Italia



Mención - Yoemnis Batista Del Toro - Cuba

■ **Por: Guillermo Rodríguez. Director**



Daquí, dalí e dacolá

Eu tamén estaba ahí

Cando leo nos xornais, na rede ou escoito nas canles de tv. noticias dos famosos másters universitarios e de como se consegeun, fan retrotraerme aos anos da fame física e intelectual. Daqueles anos en que asistir 8 ou 10 anos a unha escola resultaba para un neno/nena toda unha odisea.

Sen embargo, coñecín homes e mulleres que sen alcanzar máis aló duns cantos anos de escola (daquelas escolas de máis de 40 alumnos; algunhas chegaban aos 80) e sen poder asistir a cursiños de formación (non os había, simplemente) dispuñan dunha capacidade e dun nivel técnico nos seus traballos que xa quixeran hoxe certos alumnos privilexiados.

Sería máis tarde, anos 60, cando ti ven que preparar as Oposicións de Maxisterio, cando descubrín o embrión do que hoxe chamamos corrupción académica, laboral, etc.

É sabido que aqueles Plans de Estudio esixían, unha vez rematados os cursos da Carreira de Mestre, unha proba de reválida e logo, se pretendías ser Mestre Nacional e poder acceder a unha praza estatal, deberías aprobar as famosas Oposicións, que aínda hoxe están en vigor.

Naquelas Oposicións xa era habitual a corrupción dos membros do Tribunal. Claro que as corruptelas eran "pecata minuta", comparadas coas do momento presente. Aquelas lendas, non tan lendas, de que un membro do tribunal preguntara a un opositor, en privado, claro, se o porco era coxo, porque só lle levara tres xamóns, non deixaba de ser unha esaxeración, pero respondía a unha realidade tanxible, medible, comprobable.

Cando chegaba o momento de ter

que examinarse, quen máis quen menos, buscaba alguén que coñecera os membros do tribunal, (en Pontevedra eran case sempre os mesmos; existía unha especie de "Clube" entre os profesores das Escolas de Maxisterio para repartirse os distintos tribunais) para ver de que maneira lle facían chegar o seu nome e que tribunal lle correspondía examinarse. Obviamente, a intención era conseguir o seu favor diante dos demais membros ao tempo que preguntarlle



que lle gustaría como agasallo pola súa influencia diante do "tribunal amigo". Igual que San Xenaro Benedicto todos traballaban polo interese. Cada un tiña intereses diferentes que o examinando debía satisfacer para telo de mán; ou sexa, que influíra nos demais membros indicándolle que "era o seu fillo moi amado" e que deberían puntualo axeitadamente. Como todos tiñan "recomendados" facíanse favores uns aos outros e así todos tan contentos.

Eu tiven a desgraza de que meu pai falecera cando comezaba os meus estudos de maxisterio. Quedeí orfo dou bremente: faltou meu pai á fronte da familia e quedeí sen a posibilidade de que el tamén utilizara as súas amizades en Pontevedra, que as tiña, para que foran "benévolos" cando eu tivera que examinarme das Oposicións. Foi así

como eu fun espectador e non actor naquel teatro bufo de recomendacións que se representaba cada vez que convocaban Oposicións. Lembro que algún compañeiro tivera que regalarlle ao presidente do Tribunal unha cociña eléctrica (daquela todo un luxo). Pero xa antes, durante a carreira en Ourense tamén "agasallara" a un profesor de Ciencias que tiña fama de duro. Érao; a min, como non lle puiden obsequiar, suspendeume dúas veces.

Curiosamente, ou non tan curiosamente, celebradas as Oposicións nos anos sesenta, eu conseguín sen "agasallos" (repito, poque non tiven embaixador especial diante do tribunal; en caso contrario tal vez fixera ou tentara que o fixera meu pai o mesmo que fixeron aqueles que tiveron a oportunidade) un número de Oposición mellor que outros compañeiros que si, me constata, tocaran os pauciños que puideran; deste xeito tiven a posibilidade de elixir escola diante dos que alimentaran, xa daquela, a corrupción na Administración educativa.

Hoxe, cando se fala tanto dos agasallos, de másters e demais prebendas a políticos e fillos de papá, vén ao meu caletre aqueles recordos daqueles anos da fame, en todos os sentidos.

Pero, no meu caso, isto non foi todo, porque xa unha vez aprobadas as Oposicións, á primeira, e xa elixida escola, tentei por varias veces, seguir ampliando a miña formación profesional e cultural. Foi así como me matriculei na Facultade de Filosofía e Letras en Santiago (daquela aínda estaban xuntas) Pola imposibilidade de asistir diariamente ás clases matriculeime "por libre", pero había que someterse a unhas probas cada mes, creo, e asistir

a un mínimo de clases por curso, así como de presentar traballos por cada asignatura. Facer fronte a estas esixencias e dispoñer das horas precisas para o estudo necesario, cando xa se ten conformada unha familia numerosa, como era o meu caso, e cun soldo de miseria que esixía fora completado con outros ingresos mínimos, resultaba realmente difícil, por non dicir imposible. Aguantei o que puiden, pero finalmente vinme obrigado a deixalo.

Non satisfeito con este primeiro intento, anos máis tarde, voltei ás andadas. Matriculeime na Facultade de Dereito (Campus de Ourense) pero desta vez para asistir ás clases diariamente, ou case. Así estiven durante dous cursos escasos. Saír ás cinco da tarde do colexio (daquela había xornada partida) e percorrer máis de 80 kms todos os días voltouse, de novo, imposible.

Hoxe, cando leo que os fillos de papá son "obsequiados" cun título, chámese como se chame, que lles conmutan 20 asignaturas de 24; que lle dispensan de asistir as clases, aínda desas catro, perdóenme a expresión, pero revólvenseme as tripas.

Que teñamos que asistir ao espectáculo denigrante de como os dirixentes deste país actúan como se de malandríns se tratara e logo se presentan diante de nós como referentes intelectuais, resulta insufrible. Temos que esixir que o goberno de turno dite unhas normas de obrigado cumprimento en todos os ámbitos da docencia para que estas cousas sexan, no futuro, unha anécdota e non unha triste realidade.

Este país hai que pasalo pola trituradora e comezar de novo. Doutro xeito non creo que teña solución.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursos espanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

A Xunta concede preto de 20.000 euros en axudas a clubs deportivos de Ponteareas

O PP de Ponteareas agradece a aposta clara da Xunta de Galicia co deporte de Ponteareas. A Secretaría Xeral para o Deporte resolveu a última convocatoria de axudas a entidades deportivas galegas e outorgou preto de 20.000 euros en subvencións a clubs deportivos do Concello de Ponteareas.

“Quince entidades recibiron apoio económico da Xunta para o fomento de actividades deportivas. É unha aposta máis da Xunta e o presidente Feijóo co noso municipio”.

A relación de clubs deportivos beneficiarios na zona inclúe á Asociación Deportiva Vila do Corpus, a Asociación

Deportiva Wudang Judo, D.A., o Club Bádminton Ponteareas, Club Baloncesto Condado. Tamén perciben esas axudas o Club de Billar Sportivo Ponteareas, o Club Natación Ponteareas, a Sociedade Deportiva Xuvenil de Ponteareas, o Club Ciclista Ponteareas, o Club Deportivo Cultural Areas, o Clube de Patinaxe Artístico Luar, a Sociedade Deportiva Ponteareas, o Club Teabikes, o Club Tenis Ponteareas e o Sporting Club San Mateo. A maior cantía correspondeulle á Asociación Deportiva Escolar do Condado e Paradanta con 4.176 euros.

A Xunta repartiu en Ponteareas un total de 19.751,47€

entre 15 entidades deportivas. Hai que lembrar que tratábase dunha convocatoria non competitiva, polo que se concederon as axudas a toda aquela entidade que o solicitou.

Pola contra, o PP lamenta e solicitará explicacións ao Goberno municipal que todavía non foi capaz de sacar as bases reguladoras de axudas locais ao deporte. “Os clubes están a espera de que Represas e o seu goberno informen das bases reguladoras que rixen este tipo de axudas e que un ano mais van con moito retraso, tendo que adiantar os clubes os cartos coa dificultade que isto supón para eles”

Ribadetea reclama ós grupos políticos compromiso coa realización de un proxecto de saneamento

A Plataforma Veciñal para o Saneamento de Ribadetea, continua traballando para conseguir o obxectivo de dotar a esta parroquia coa infraestrutura básica para o tratamento de augas residuais.

Recentemente mantiveron varias reunións cos grupos políticos municipais para explicarlles a necesidade e a prioridade de saneamento para una parroquia con 900 habitantes que limita coa ribeira dereita do río Tea, nun percorrido de 4 kms. Nun área de especial protección, pertencente a Rede Natura 2000.

Os grupos políticos que acudiron a estas reunións foron EU, PP, ACIP e PSOE. Todos concordaron cos veciños, que Ribadetea é a parroquia con maior concentración de poboación que non conta con rede de saneamento no Concello de Ponteareas.



Dende a Plataforma polo Saneamento de Ribadetea lle pedimos a todos os grupos políticos da Corporación Municipal, que se comprometan coa realización dun proxecto de saneamento para a totalidade da parroquia así como coa execución das obras con un calendario definido a cor-

to-medio prazo.

Asemade esperemos que o Alcalde, como responsable de Medio Ambiente, faga as xestións necesarias con Augas de Galicia e coa Confederación Hidrográfica, que permita avanzar neste proxecto, tal e como se comprometeu na reunión mantida cos veciños.

O PP solicita á Xunta melloras na P0-254 Ponteareas-Mondariz

Belén Villar, presidenta e portavoz do PP de Ponteareas, reuniuse con Francisco Menéndez, director da Axencia Galega de Infraestruturas, para expoñer a problemática da P0254 Ponteareas-Mondariz, ao seu paso polas parroquias pontareas e solicitar unha serie de melloras para subsanar as dificultades coas que se atopan os veciños á hora de saír e entrar cos seus vehículos nos diferentes accesos.

Desde o PP de Ponteareas solicitamos á Axencia Galega de Infraestruturas que se melloren as interseccións da P0254, ao seu paso polas parroquias de Bugarín, Prado e Pías, mediante a construción dunha serie de carrís de espera para mellorar a visibilidade e co fin de evitar accidentes de circulación.

Entre outras actuacións, Belén Villar solicitou a Francisco Menéndez que se fagan uns carrís de espera e incorporación na parroquia de Bugarín, no cruce que vai á igrexa parroquial e tamén na entrada á Freixa. Tamén apuntou que era de gran importancia mellorar a intersección na subida á igrexa de Prado. E con respecto á P0254 ó seu paso por Pías, Belén Villar sinalou que aínda que a intersección xa conta cun carril de espera, sería necesario volver pintar as marcas viarias en aras de incrementar a seguridade na zona.



Fotocall diseñado por Luis Davila na Feira dos Remedios



A Feira Tradicional dos Remedios aliouse co enxeño do debuxante Luis Davila “O Bichero” e dispuso dun divertido “fotocall” no que os e as parti-

cipantes e visitantes poideron fotografarse.

Como novidade este ano hai un obradoiro de confección de traxe galego, de balde tódolos xoves de setembro.

PONTEAREAS

Ponteareas investirá 253.865€ en formación

O goberno de Ponteareas logra unha subvención da Xunta de Galicia por valor de 253.865,43€ para pór en marcha un plan de formación que facilitará a inserción e reinserción laboral das persoas traballadoras desempregadas naqueles empregos que máis require o sistema produtivo.

Esta iniciativa da área de emprego que dirixe o Alcalde Xosé Represas, súmase ás accións de fomento da creación de emprego realizadas nestes anos polo actual goberno de Ponteareas como os obradoiros de emprego ou as axudas destinadas a estabilización de contratos e creación de emprego.

Ponteareas consegue esta subvención tras ter presentado un bo proxecto que pretende completar a formación das persoas traballadoras en situación de desemprego para facilitar a inserción e ser ter un currículo máis competitivo e atractivo para o mercado laboral.

Estas accións formativas diferenciaráanse en distintos niveis de formación e certificados de profesionalidade. Para acceder a elas é necesario posuír



o nivel formativo requerido en cada certificado de profesionalidade ou competencia clave e estar inscrito na oficina de emprego como desempregado con anterioridade ao inicio do curso. Os e as interesadas deberán manifestar na oficina de emprego o seu interese en participar no proceso selectivo da especialidade que desexe.

O concello seleccionará ao alumnado en base á listaxe facilitada pola oficina de emprego de Ponteareas ubicada na rúa dos Carballos, número 10.

Ponteareas ofrecerá ás persoas desempregadas certificados de profesionalidade en mercadotecnia e compravenda internacional con 788 horas,

xestión administrativa cunha formación de 708 horas e creación e xestión de microempresas con 538 horas.

Por outro lado, as accións de formación en competencias de distintos niveis serán a de comunicación en linguas estranxeiras (inglés), galego, castelán e matemáticas.

O Alcalde de Ponteareas salienta a importancia da formación continua ao longo da vida nun mundo cambiante en canto os perfís demandados para ter coñecementos actualizados e demandados polas empresas e insiste na prioridade do fomento do emprego entre os obxectivos deste goberno.

As amazonas do Club Hípico CHAR destacan no concurso de salto 2 Estrelas

Lucía Campos Cora e Lucía Oterino Alonso, xinetes do Club Hípico CHAR de Ponteareas, participaron no Concurso Nacional 2 Estrelas de Salto. As amazonas ponteareas conseguiron boas clasificacións nesta proba celebrada en Mondariz; en concreto Lucía Oterino participou na modalidade de 0,50 e quedou segunda no último día co seu cabalo "Flaubert Deval", e Lucía Campos, que participou en 0,80, quedou cuarta no segundo día co

seu cabalo "Guerreiro" cedido ás instalacións do Club Hípico CHAR por Purada (Asociación Cabalo Galego).

Dirixidas polo seu adestrador de equitación, Isidro Calvo, participarán a fin de semana do 6 e 7 de outubro no Club Casasnovas en Arteixo no concurso territorial de salto no que tamén participarán as súas compañeiras de club, Lía Senra, Inés Sánchez e María Artepazo. A esta última proba irán acompañadas tamén da adestradora Nerea Muíño.



O Concello responde a ADENCO sobre os vertidos no Tea

O concello de Ponteareas aclara ao grupo ecologista Adenco que as multas administrativas non axilizan o proceso de mellora dos vertidos ao río Tea e tan só supoñen un gasto e unha entrega de cartos á administración, cartos que poderían ser derivados a outros servizos en beneficio da cidadanía e do mediamambiente.

O Alcalde e concelleiro de

Medio Ambiente, Xosé Represas, explica que as sucesivas multas teñen unha orixe que ven de moitos anos atrás, máis de vinte anos, cando anteriores gobernos do PP decidiron instalar unha depuradora insuficiente para o caudal que recibiría e que ademais non tiña en conta a previsión de crecemento da cidade. Este erro e falta de previsión provoca agora que reciba máis caudal do que debe tratar e

que a través do aliviadeiro se produzan vertidos.

Represas explica que aínda que agora se producen moitas multas non é precisamente porque se deba a un aumento dos vertidos, simplemente é froito da dunha maior "preocupación" de Adenco e do seu responsable, Anxo Saborido, por denunciar con relación á épocas anteriores con gobernos do PP.

O Alcalde asegura que o río

agora non está peor, o mellor exemplo río é que a praia de San Roque que durante décadas non era apta para o baño, dende hai dous anos si o é por eliminar or vertidos de regato da Venda.

A solución aos vertidos está en marcha e Adenco e Anxo Saborido teñen constancia disto. O goberno de Ponteareas propuxolle a Confederación Hidrográfica un acordo para solucionar entre a propia Confederación, dependente do Estado, a Xunta de Galiza e o Concello un acordo entre as tres administracións para solucionar o grave e crónico problema dos vertidos ao Tea.

Esta proposta, como xa se ten informado, deu os seus froitos e neste momento estanse redactando dous proxectos por un importe total de 4,5 millóns de euros que pretenden dar solución as verteduras sen depurar ao Tea. Xa está comprometida a financiarán do 60%. dos 4,5 millóns con cargo aos Fondos europeos por parte do Estado "Isto si é unha medida en marcha e en firme para solucionar os problemas crónicos do noso río Tea. Isto si é axilizar e traballar en positivo e non pondo atrancos que dificulten a xestión".

CONDADO / PARADANTA

Xose Manuel Rodríguez Méndez volverá ser candidato do BNG á alcaldía das Neves

A Asemblea Local do Bloque Nacionalista Galego das Neves ven de decidir que Xose Manuel Rodríguez Méndez se presente para ser elixido novamente Alcalde do Concello neves ou nevense.

A xuntanza da tarde noite do venres no local do BNG escolleu por unanimidade o candidato a alcaldía e tamén preveu posibilidades para os seguintes postos na futura candidatura as eleccións que se van celebrar na primavera de 2019.

O Responsable Local do partido, Oscar González, indica que a Asemblea foi moi fructífera servindo para a citada escolla pero tamén para a posta en común do traballo e proxectos que están en marcha; e tamén para definir os obxectivos da seguinte lexislatura.

O propio, Xose Manuel Rodríguez Méndez explica que logo de tres anos de ir asen-



tando bases agora toca cristalizar os proxectos e ideas. As Neves será un lugar atractivo para vivir con espazos públicos e de lecer máis axeitados para as persoas, unha xestión ambiental totalmente novedosa, preparado para ofrecernos ao turismo, cunha actividade cultural e deportiva moi potente e mirando con especial atención cara a infancia e a mocidade, o futuro das Neves, mediante a formación nas mellores condicións e creando actividade e espazos para o seu lecer.

Mondariz mellora a acesibilidade e seguridade viaria na zona escolar

O Concello de Mondariz vén de dar por rematadas as obras de mellora da acesibilidade e seguridade viaria que, durante estas semanas, desenvolvéronse na avenida Grupo Escolar e Merouces.

As obras realizadas, que contaron cun investimento de 23.122 euros con cargo ao Plan Concellos 2017 da Deputación de Pontevedra, permitiron a creación dun paso de peóns sobreelevado de gran amplitude, un elemento necesario, sinalaba o alcalde Xoán Carlos Montes Bugarín, "xa que é paso obrigado tanto para os escolares que, diariamente, acoden ao CEP de Mondariz, coma para o acceso á zona deportiva".

As obras incluíron tamén a renovación do solo dende



o remate as escaleiras que conducen á Praza do Concello ata a propia calzada, que agora conta cunha superficie máis axeitada e cómoda para as moitas persoas que diariamente acceden, dende aí, ao centro do pobo.

A mellora da contorna conseguiu tamén coa instalación de novas luminarias led que, por unha banda, mellorarán a iluminación da zona, especialmente do paso de peóns durante as horas de

pouca luz e, doutra banda, reducen o consumo eléctrico.

Do mesmo xeito, para reforzar a seguridade viaria, a zona dotouse de novas beirarrúas, máis amplas e humanizouse con zonas axardinadas.

Por outra banda, as obras incluíron a instalación de elementos de mobiliario urbano, como bancos ou mesmo aparcadoiros para bicicletas, que contribúan a facer o entorno máis agradable e cómodo.



Comunidades, Colegios, oficinas
cristaleras, moquetas, abrillantado
de suelos, primeiras obras,
limpieza de fachadas

Rúa As Lavandeiras, 3 Bajo
36860 PONTEAREAS
Telf. y Fax: 986 661 052

EMILIO seguros



DECECOS • HOGAR • JUBILACIÓN • AHORRO • ACCIDENTES, ENFERMEDAD
VIDA • COMERCIO • PYMES • COMUNIDADES • R. CIVIL • AUTÓNOMOS • Etc...
telf. información: 609 544 351

Forjados
Hnos. Duran S.L.



Fábrica y Oficinas:
Santiago de Ribademe, 1
36447 AS NEVES (Pontevedra)

Tel.: 986 648 150
Fax: 986 648 030
e-mail: duran@forjadosduran.com
http: www.forjadosduran.com

REFORZO ESCOLAR • IDIOMAS • TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA • TALLERES INFANTILES
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS

CENTRO DE ESTUDIOS

MATRÍCULA GRATUITA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - Tº B
654 07 57 51

GASOLEOS TEA

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61

REPSOL

Arbo recibe unha subvención para recuperar a Senda de Pescadores

Por resolución da Directora Xeral de Turismo, dona Nava Castro, aprobouse unha achega ao concello de Arbo por importe de 27.930,88 €. para a recuperación da Senda dos Pescadores.

As actuacións consisten en intalacions de paneis, infraestruturas de madeira nos tramos que sexa preciso, sinalización do camiño mediante balizas e postes direccionais de madeira e marcas de pintura e traballos de adecuación do sendeiro como son a roza e creación de nova caixa no camiño.

A habilitación deste sendeiro de ribeira e a súa conexión contribuirá a desestacionali-



zación da oferta e reforzara os recursos interpretativos cos que xa conta o Concello.

O tren turístico da Ruta do Viño Ribeiro-Rías Baixas visita Arbo

O día 25 de agosto o Tren turístico da Lamprea visitou Arbo. O tren turístico é un dos máis importantes trens turísticos de Galicia que comercializa Renfe. O conxunto do viño ribeiro- rías baixas propón unha combinación dos dous territorios con denominación de orixe.

Unha das primeiras e máis importantes visitas que realizou este tren foi a Arbo o pasado 11 de agosto coincidindo coa Festa da Lamprea Seca e acompañados pola Directora de Turismo Galicia Nava Castro

A chegada do tren o pasado día 25 foi recibida polo alcalde do Concello de Arbo, Horacio



Gil, que acompañou aos visitantes á Praia Fluvial da Estación para visitar as Pesqueiras. Posteriormente visitaron o Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea, onde o rexedor acompañouos

en todo momento e dío as explicacións dos vídeos, diapositivas e fotos que se poden observar dentro do Museo.

A visita acabou coa posterior degustación de lamprea nunha casa de Turismo Rural de Arbo.

Mellora de camiños rurais

O Concello de Arbo acaba de realizar obras para a mellora do Camiño Vieiro – Agroy na Parroquia de Mourentan e comeza obras no camiño da Bouza na parroquia de Arbo.

Dentro do Plan de Melloras de camiños e estradas municipais o Concello de Arbo, acaba de rematar as obras de hormigonado do Camiño Vieiro-Agroy. As obras consistiron no hormigonado do camiño debido ao deterioro sufrido pola falta de mantemento dos últimos anos o que supuña un risco para os veciños e demais peóns que utilizan de forma continua esta senda. Con esta mellora tamén se trata de protexer a rede de saneamento que transcorre polo camiño que en partes xa estaba en terra, o que como consecuencia podía carrexar problemas co servizo e deixar as vivendas conectas a rede sen esta prestación.

Asemesmo, nos últimos días deron comezo as obras da construción de muro de sostén no camiño da Bouza.

O Concello de Arbo, pretende seguir mellorando a súa rede municipal de estradas e pistas asfaltadas, e pavimentando completamente as pistas que se atopan en terra. Unha das prioridades é mellorar a seguridade vial en todas as estradas, executando ensanches e mellorando o trazado de tramos máis perigosos.

As últimas obras rematadas



Camiño Vieiro-Agroy

son o acceso a Sande, o recinto da capela donde se ademais de pavimentar se colocou unha varandilla, e no barrio da Ventana adonde ademais de pavimentar o xa existente se mellorou un tramo que se atopaba en terra. Tamen deron comezo as obras de Ladeira e Doños da parroquia de Mourentan, Bouza en Arbo e Escampado en Cabeiras e Bombeo en Sela.

Segundo o alcalde mais dun 60% das estradas do Concello de Arbo, foron melloradas nestes catro anos de goberno.



Mellora do acceso en Sande



Comezo da obra na Ladeira



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03



XOVES 6 DE SETEMBRO

Teatro adultos: "O furancho", da Cia. Ibuprofeno Teatro
 Ás 20:00 h. • Círculo Recreativo e Cultural • Aforo limitado

VENRES 7 DE SETEMBRO

Concerto infantil: "A fiestra dos soños", do Grupo Trotaventos
 Ás 19:00 h. • Círculo Recreativo e Cultural • Aforo limitado

XOVES 13 DE SETEMBRO

Teatro adultos: "As Fillas Bravas", da Cia. Chévere
 Ás 20:00 h. • Carpa do Roxi • Aforo limitado

VENRES 14 DE SETEMBRO

Presentación I PINCHONEN@. Convidada: Miri (Masterchef 5)
 Ás 18:30 h. • Salón de plenos do Concello • Aforo limitado

Concerto infantil: "Eu cocino, ti cocinas?", do grupo Mamá Cabra
 Ás 19:00 h. • Carpa do Roxi • Aforo limitado

SÁBADO 15 DE SETEMBRO

I PINCHONEN@ na Carpa do Roxi, coa presenza de Noemí Fernández (la Voz Kids):

- Ás 12:00 h. Obradoiro de chocolates e galletas, con Inés Carcacia
- Ás 18:00 h. Show cooking. Impartido por Miri (Masterchef 5)
- Ás 21:00 h. Photocall I PINCHONEN@

Festa Medieval

A partir das 12:00 h. • Círculo Recreativo e Cultural • Aforo limitado

MÉRCORES 19 DE SETEMBRO

Exposición fotográfica na rúa: As Festas do Cristo a través da fotografía antiga. Arquivo Municipal de Imaxe do Porriño
 Inauguración o día 19 de setembro, ás 20:00 h. no Centro Cultural Municipal • Ata 30 de setembro • Nas rúas da vila • Colabora: ACIPOR

Concerto musical: Tatán Chapeu
 Ás 21:00 h. • Carpa do Roxi • Aforo limitado

XOVES 20 DE SETEMBRO

Teatro adultos: "Elisa e Marcela", da Cia. A Panadaria Teatro
 Ás 20:00 h. • Carpa do Roxi • Aforo limitado

Concerto musical: Los mecánicos
 Ás 21:30 h. • Praza Arquitecto Antonio Palacios

VENRES 21 DE SETEMBRO

Concerto musical: Banda de Música Arcade
 Ás 19:00 h. (pase I) • Parque do Cristo

Concerto de piano: "Un piano e 200 candeas", de David Gómez
 Ás 20:00 h. • Círculo Recreativo e Cultural • Aforo limitado

Concerto musical: Banda de Música Arcade
 Ás 22:00 h. (pase II) • Parque do Cristo

Concerto presentación V Montando Cristo Festival: Winter Project
 Ás 23:00 h. • Parque do Cristo

Verbena: Orquestra Atlanta
 Ás 23:30 h. • Barrio de San Sebastián

SÁBADO 22 DE SETEMBRO

Música e humor: "Ritmo Refugallo", da Cia. Trio Refugallo
 Ás 11:30 h. • Praza Arquitecto Antonio Palacios • Público familiar

Animación na rúa: Grupo O Son da Forna, xigantes e cabezudos
 De 11:00 a 12:30 h. e de 19:00 a 20:00 h. • Rúas da vila

Pregón das Festas do Cristo: Noemí Fernández
 Ás 12:30 h. • Praza Arquitecto Antonio Palacios

Concerto sesión vermú: Caxade
 Ao término do pregón • Praza Arquitecto Antonio Palacios

Concerto infantil: Uxía Lambona e a Banda Molona
 Ás 18:00 h. • Praza Arquitecto Antonio Palacios

V Montando Cristo Festival: varios artistas
 A partir das 19:00 h. • Carpa do Roxi

Festival de Corais:

- Coral Polifónica Agarimo de Torneiros
 - Coral Polifónica de Noia
 - Coral Polifónica de Chantada
- Ás 20:30 h. • Círculo Recreativo e Cultural • Aforo limitado

Verbena: Orquestra Saudade

Ás 22:00 h. (pase I) / Ás 24:00 h. (pase II) • Barrio Sebastián

DOMINGO 23 DE SETEMBRO

Concerto musical: Banda de Música Cultural de Salceda
 Ao término da procesión • Parque do Cristo

Animación na rúa: Grupo de Gaitas Agarimo de Torneiros, xigantes e cabezudos
 De 12:30 a 14:00 h. • Rúas da vila

Animación na rúa: Grupo Ronco & Fol, xigantes e cabezudos
 De 17:00 a 19:00 h. • Rúas da vila

Espectáculo cómico infantil: "Saaabor!", da Cia. Fran Rei e Félix Rodríguez
 Ás 19:00 h. • Praza Arquitecto Antonio Palacios

Concerto musical: Banda de Música Cultural de Salceda
 Ás 20:00 h. • Círculo Recreativo e Cultural • Aforo limitado

Verbena: Orquestra Dimensión
 Ás 21:00 h. (pase I) / Ás 24:00 h. (pase II) • Praza Arquitecto Antonio Palacios

Verbena: Orquestra Graffiti
 Ás 22:30 h. (pase I) / Ás 01:30 h. (pase II) • Barrio San Sebastián

LUNS 24 DE SETEMBRO

Animación na rúa: Charanga Cantos Somos, xigantes e cabezudos
 De 11:00 a 12:00 h. e de 13:00 a 14:30 h. • Rúas da vila

Concerto musical: Banda de Música Municipal de Redondela
 Ao término da Misa • Parque do Cristo

Animación na rúa: Charanga Cantos Somos, xigantes e cabezudos
 De 17:00 a 18:00 h. • Rúas da vila

Zancos, danza e animación infantil: "Animacreques", da Cia. Catropés
 Ás 18:00 h. • Praza Arquitecto Antonio Palacios

Concerto musical: Banda de Música Municipal de Redondela
 Ás 19:00 h. • Parque do Cristo

Concerto musical: Xulio Lorenzo
 Ás 21:00 h. • Praza Arquitecto Antonio Palacios

Verbena: Orquestra Tango
 Ás 22:30 h. • Rúa Domingo Bueno

MARTES 25 DE SETEMBRO

Concerto musical : Argonat Band
 Ás 21:00 h. • Praza Arquitecto Antonio Palacios

MÉRCORES 26 DE SETEMBRO

Concerto musical: Pablo Balseiro
 Ás 21:00 h. • Praza Arquitecto Antonio Palacios

XOVES 27 DE SETEMBRO

Teatro infantil: "Contos nas orellas", da Cia. Migallas
 Ás 18:00 h. • Centro Cultural Municipal • Aforo limitado

Concerto musical: Best Boy
 Ás 22:00 h. • Praza Arquitecto Antonio Palacios

VENRES 28 DE SETEMBRO

Concerto musical infantil: Magín Blanco e a banda das apertas
 Ás 18:00 h. • Carpa do Roxi • Aforo limitado

Concerto musical: Noemí Fernández
 Ás 20:30 h. • Praza Arquitecto Antonio Palacios

Noite de humor: Sergio Pazos e Quico Cadaval
 Ás 22:00 h. • Carpa do Roxi • Aforo limitado

SÁBADO 29 DE SETEMBRO

Animación na rúa: Batucada Bloquinho Aperta
 De 12:00 a 14:30 h. e de 19:00 a 20:00 h. • Rúas da vila

Espectáculo de maxia: "Don Gelati", do mago Dani García
 Ás 18:00 h. • Praza Arquitecto Antonio Palacios

Concerto musical: Banda de Música Xuvenil de Torroso
 Ás 20:00 h. • Parque do Cristo

Concerto musical: "Noches de flamenco y blues"
Vargas Blues Band e Raimundo Amador
 Ás 22:30 h. • Rúa Domingo Bueno

DJ Festival: varios artistas
 Ás 00:30 h. • Parque infantil

DOMINGO 30 DE SETEMBRO

FESTA DOS CALLOS. XXV Edición
 Ás 11:00 h. • Establecementos hostaleiros da vila

Animación na rúa: Charanga Os Queimatasas
 De 11:00 a 15:30 h. • Rúas da vila

Maxia e contacontos infantil: "A historia de Brancaflor", de Fran Rei
 Ás 17:30 h. • Praza de Antonio Palacios

Concerto musical: Agrupación San Xurxo de Mosende coa Coral
Agarimo de San Salvador de Torneiros + convidados
 Ás 19:30 h. • Carpa do Roxi • Aforo limitado

Concerto musical: Agrupación Musical do Porriño
 Ás 21:00 h. • Parque do Cristo

Verbena: Grupo América de Vigo
 Ás 22:00 h. • Praza Arquitecto Antonio Palacios

ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Torneo Festas do Cristo de Tenis
 Sábado 15 de setembro • De 10:00 a 13:30 h. • Pistas de tenis municipais

Exhibición de Kung-fu Jovhen Sport e F. Carrera
 Luns 17 de setembro • De 19:00 a 20:00 h. • Praza Arq. Antonio Palacios

Exhibición Patín Porriño
 Martes 18 de setembro • De 19:00 a 20:00 h. • Pavillón dos deportes

Torneo de fútbol base
 Mércores 19 de setembro • De 18:00 a 20:30 h. • Campo de Fútbol Lourambal

Marcha popular e exhibición de patinaxe en liña. Club FSV Patinaxe en Liña
 Venres 21 de setembro • Ás 19:00 h. • Praza Arquitecto Antonio Palacios e centro urbán

Torneo Festas do Cristo de Baloncesto Senior Liga EBA Porriño Baloncesto Base / Club Baloncesto Culleredo
 Sábado 22 de setembro • De 20:00 a 22:00 h. • Pavillón dos deportes

Torneo Festas do Cristo de Baloncesto en Silla de Ruedas Abeconsa Basketmi Ferrol / Apd Braga
 Sábado 22 de setembro • De 18:00 a 20:00 h. • Pavillón dos deportes

III Torneo Festas do Cristo de Ximnasia Rítmica
 Sábado 22 de setembro • De 09:00 a 14:00 h. • Pavillón dos deportes

Exposición e Exhibición Internacional de Aeromodelismo
 Sábado 22 de setembro • De 16:00 a 20:30 h.
 Sábado 23 de setembro • De 10:30 a 18:30 h.
 Pistas de aeromodelismo de Pontellas

Exhibición de minimotos KSB Sport Motociclismo, escola de pilotos
 Mércores 26 de setembro • De 19:00 a 20:00 h. • Praza Arquitecto Antonio Palacios

XLI Criterium Trofeo Festas do Cristo de ciclismo, carreira nocturna
 Venres 28 de setembro • Ás 20:00 h. • Circuito urbán

Atletismo. Milla Urbana
 Venres 28 de setembro • De 18:00 a 20:00 h. • Circuito Urbán

Balonmán Feminino. Balonmán Porriño / ABC UMINHO Braga
 Sábado 29 de setembro • De 18:00 a 20:00 h. • Pavillón dos deportes

Balonmán Base. Balonmán Porriño / Sar / Lavadores
 Sábado 29 de setembro • De 16:00 a 18:00 h. • Pavillón dos deportes

Exhibición de minimotos KSB Sport Motociclismo, escola de pilotos
 Mércores 29 de setembro • De 09:30 a 13:30 h. • Circuito de Torneiros

Marcha Popular de Ciclismo 2018. Circuito Urbán
 Domingo 30 de setembro • De 10:00 a 13:30 h. • Praza Arquitecto Antonio Palacios / Circuito Urbán

ACTOS RELIXIOSOS

Novena
 Do día 13 ao 21 de setembro • Ás 19:30 h. • Capela do Cristo

Misa do Santo Cristo da Agonía e a continuación a procesión, ameniza pola Banda de Música Cultural de Salceda de Caselas
 Domingo 23 de setembro • Ás 12:00 h. • Igrexa Parroquial Santa María

Misas
 Luns 24 de setembro • Ás 09:00, 10:00 e 11:00 h. • Capela do Cristo

Misa de campaña. Ameniza o Grupo Parroquial
 Luns 24 de setembro • Ás 12:00 h. • Parque do Cristo



www.ecultura.net

Escanea o código QR e accede a www.ecultura.net para consultar posibles modificacións na programación e información máis detallada

MISCELANEA

Xoán Carlos González demanda maior seguridade viaria no entorno de Cidadelle

O tráfico pesado cara ás obras de urbanización do novo colexio en Chapela, levaron ao concelleiro do BNG, a solicitar ao goberno municipal que melloren as condicións de seguridade viaria para os peóns. “A empresa construtora debe facer unha limpeza constante dos viais con fin de evitar arrastres de áridos aos regatos”.

As obras de urbanización da “Finca Ginaria” para a construción do novo colexio, “non facilitan o paso para os e as viandantes que por esta zoa se desprazan a cotío”, segundo o edil nacionalista. O vial de Subida a Cidadelle, ata o Camiño da Bruxa, discorre por unha zoa dun importante desnivel. “Neste treito deberíase sinalizar un roteiro máis seguro para os peóns, pois teñen que esquivar á maquinaria e aos coches particulares que por el se circulan”, afirma

A forte pendente facilita



que as choivas arrastren áridos, terra, partículas, “que finalmente acaban no río Maiceira, polo que finalmente chegan ao mar”. Demandamos no escrito presentado ante o Concello, que o alcalde de Redondela se dirixa á empresa concesionaria para que a limpeza destes viais sexan constante e continuada.

Outra das peticións que cursan dende a organización nacionalista refírese a intersección da Avenida de Redondela coa Subida a Cidadelle. Neste punto conclúen varios viais, que coa importante intensidade de move-

mento de camións de grande tonelaxe, “supoñen que moitos viandantes sufran todo tipo de molestias. Para nós débese garantir a súa seguridade viaria, polo que demandamos que se sinalice un paso de peóns neste punto”, informa o edil nacionalista.

Algunhas destas medidas “prantexáronse no Parlamento Galego, vía Plan Chapela, para mellorar a seguridade viaria e a calidade de vida da veciñanza deste entorno, rexeitadas polo Partido Popular. Daquela, os representantes veciñais foran expulsados do emiciclo”, recorda o edil nacionalista.

O BNG califica de “maquillaxe política”, a visita do alcalde de Redondela á Autoridade Portuaria.

Voceiro nacionalista, Xoán Carlos González repróchalle ao alcalde de Redondela, que pretenda rirse da veciñanza e dos colectivos que xa amosaron o seu rexeitamento a este Proxecto. “O presidente da Autoridade Portuaria actúa como un auténtico depredador do noso medio natural, e Javier Bas no canto de defender a protección da Enseada, cala e levanta a man brindándolle o seu apoio incondicional”.

Afirma que todo se trata

de “maquillaxe política”, posto que o Partido Popular únicamente apoio a moción do BNG, por rédito electoral. Durante semanas o alcalde de Redondela mantívose calado para que o problema non estourara. “O presidente da Autoridade Portuaria, xa tén manifestado que non lle interesa o posicionamento en contra do Pleno redondelán, que o Proxecto de instalación de contedores vai seguir adiante”, recorda.

Segundo Xoán Carlos González debe haber unha res-

posta contundente e maioritaria rexeitando o Proxecto de Contedores, que acabará de vez coa Enseada de San Simón. “Redondela debe saír á rúa para deter esta proposta delirante”.

Considera vergoñento que o alcalde de Redondela queira atribuírse proxectos, “que se puxeron en marcha grazas á perseveranza de asociacións e colectivos como a CDC.Rande”, en alusión á posta en marcha de Meirande, e á xestión dos Fondos Europeos.

Compromiso acode aos Actos da Diada e avanza no “Galeusca”



A forza galeguista realizou a ofrenda floral a Rafael Casanova, onde o secretario xeral Piñeiro Docampo realizou unhas declaracións onde falou da vixencia dun novo pacto do “Galeusca”.

Neste sentido, desde Compromiso por Galicia teñen establecido novas canles de participación para trasladar as súas iniciativas ao congreso e ao Senado a través da interlocución directa do PDeCAT. Nesta mesma liña avanzaron na coalición para as vindeiras eleccións europeas nunha reedición da coalición na que xa participou nas anteriores de 2014.

No sentido da reedición do pacto camiño das europeas de 2019 Compromiso por Galicia abre a porta a concorrer novamente na coalición da

“Europa dos pobos” xuntamente con EAJ-PNV e o PDeCAT. Unha coalición que posibilitou aos galeguistas presentar máis de 60 iniciativas no Parlamento Europeo a través da eurodeputada Izaskun Bilbao. Desde a formación galeguista, acreditan nunha Europa dos pobos e do piar social, como fundamento e base dunha UE pensada para a xente e sustentada na base dos valores democráticos.

Finalmente Piñeiro Docampo deu trasladado dunha mensaxe de sosego e calma e animou a abrir novamente o diálogo para resolver a tensión entre o estado e Cataluña: “o estado abandonou o diálogo cunha das súas partes e debería retómallo, así é como se fan as cousas nas democracias modernas”.

Xuntanza da Rede para a Defensa da Sanidade Pública en Compostela

Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, participou a través de Xosé M.ª Dios Diz, voceiro de SOS Compostela, na xuntanza do día 12 de setembro na sede de Médicos do Mundo en Compostela; onde se reuniron as organizacións pertencentes a REDE (Red para a Defensa da Sanidade Pública):

As conclusións de dita reunión, foron: 1º) Elaborar un Manifesto para entregar os partidos Políticos de Galicia

e abrir un debate sobre a Universalización da Sanidade; tratar de influir para que se inclúan as propostas da REDE. 2º) Valoramos o informe de Médicos do Mundo sobre a exclusión sanitaria en Galicia, e puxemos de manifesto as vulneracións tan flagrantes do dereito a saúde das persoas migrantes. 3º) Falamos das propostas da REDE o futuro Real Decreto de non exclusión e universalización da sanidade.

Ana Miranda reclama que a Unión Europea prohiba a venda de armas a Arabia Saudita

A eurodeputada do BNG, Ana Miranda, lamenta a matanza de crianzas en Iemen reivindicada por Arabia Saudita e a considera un “acto terriblemente cruel”. Ademais critica a complicidade de moitos Estados europeos que seguen exportando armas aos saudís, polo que reclama que tanto a Unión Europea como o Estado español prohiban a exportación de armas a este país.

A coordinadora de Internacional da Executiva do Bloque lembra que o Estado español asinou o “Tratado sobre o Comercio de Armas” que esixe unha exportación responsable de armamento e que as armas exportadas non se usen para cometer violacións ao dereito internacional. Ao respecto, Ana Miranda sinala que un dos supostos baixo o que a exportación de armas estaría prohibida é se existe información de que as armas poderían empregarse para cometer ataques dirixidos con-

tra civís ou bens de carácter civil.

“Estamos perante un caso de crime humanitario e despois de anos vendéndonlle armas a Arabia Saudita deben deterse estas. Máis de 8.000 civís mortos, tres millóns de persoas desprazadas, non son xa indicios suficientes?”, subliña a eurodeputada nacionalista, quen critica que o PP incrementara en 133% a venda de armas a Arabia Saudita e pregunta ao presidente do goberno español cal é o obxectivo de manter o compromiso adquirido polo anterior Executivo de aumentar nun 89% o gasto militar.

Co fin de esixir transparencia no gasto militar en Europa, Miranda diríxese á Unión Europea para preguntar polo incremento do gasto militar, que prevé no próximo orzamento para 2021-2027 un fondo europeo de defensa de 13.000 millóns de euros para financiar o desenvolvemento militar e as actividades de investigación.



O BNG lembra que a UE aprobou recentemente a creación do primeiro programa comunitario para impulsar a innovación na industria europea de defensa, que conta cun orzamento de 500 millóns de euros para 2019-2020.

Por outro lado, a eurodeputada nacionalista salienta que o BNG e unha organización claramente antimilitarista. “Pensamos que este aumento non é en absoluto unha prioridade e defendemos unha política e unhas relacións internacionais baseadas na paz e na solida-

riedade cos pobos e as xentes que se atopan en situación de pobreza”, explica Ana Miranda.

Para o Bloque, é preciso que a Unión Europea defina e poña en práctica unha política internacional propia, orientada ao fortalecemento da ONU, para que desempeñe o papel para o que foi creada e que free a política militarista. “Cómpre que a UE sexa capaz de mediar nos conflitos, restabelecer a paz e a democracia sen botar man de agresións de tipo bélico e imperialista”, afirma a eurodeputada.

Aberto o prazo para subvencións culturais e deportivas en Bueu

Desde o 14 de setembro, as asociacións culturais e clubs deportivos poderán solicitar as subvencións do Concello de Bueu. Os respectivos anuncios foron publicados este venres no Boletín Oficial da Provincia e o prazo será de 15 días naturais.

Así, o Concello repartirá case 60.000 euros para asociacións da vila, concretamente 25.000 para as culturais, 5.000 para as escolas de música e 29.000 para os clubs deportivos. A principal novidade deste ano é as solicitudes se deberán presentar mediante a sede electrónica do Concello, unha existencia que se produce tras os novos cambios introducidos cos cambios na lexislación.

No caso concreto das bases de cultura, destácase que haberá dúas liñas: a de actividades desenvolvidas polo tecido asociativo no 2017 e a de funcionamento das escolas de música. Ademais, introdúcese o fomento da igualdade e da lingua como criterios a valorar, así como outros que se detallan nas propias bases.

Toda a información atópase dispoñible na páxina web: www.concellodebueu.gal.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

BAIXO MIÑO

Comezaron as obras de restauración do palco de música de Tui

O palco situado no Cantón de Diomedes, ao pé do paseo da Corredoira foi construído en 1897 e dende hai varios anos deixara de utilizarse polo deterioro que presentaba. Para a realización destas obras foron precisos dous proxectos. Por un lado o de rehabilitación de carpinteiría e canteiría, redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez, e outro específico para os elementos de forxa, cuxa redacción correu a cargo de Gonzalo Buceta Brunete.

As obras terán unha duración de tres meses e a empresa adjudicataria, encargada de realízalas é Construcciones Mascareñas e Hijos S.A. O importe total das mesmas será de



51.400€ IVE incluído.

O proxecto de restauración pretende restablecer a finalidade inicial do palco cando foi construído, acoller actuacións musicais de grupos, bandas de música ou mesmo de teatro.

A actuación centrarase en tres partes: cuberta e marquiseña, columnas e varandas e a base de pedra.

O alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín, considera que unha vez rematadas as obras, o palco poderá volver a ser utilizado e cumprirá a función para a que no seu día foi realizado, dar vida e dinamizar o paseo da Corredoira, recuperando tamén un elemento de gran valor, tanto arquitectónico como cultural da nosa cidade.

10.000 exemplares do novo Rueiro de Tui

Tivo lugar na oficina de Turismo do Concello de Tui, na Praza de San Fernando, a presentación do Novo Rueiro de Tui, a cargo do alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín.

A proposta pretende destacar a importancia dunha das principais fontes de riqueza da cidade, que é o turismo, e pon en valor o seu patrimonio histórico a través dun deseño

máis moderno que intuitivo que o anterior. É unha versión única e trilingüe cunha imaxe dun mapa único, a escala real. Por detrás destácanse os puntos máis atractivos de Tui, a cidade histórica, o Río Miño, o Parque Natural e



a Eurocidade. Outro dos puntos que quixeron destacar neste novo rueiro é a posibilidade de que os visitantes visiten a web turismotui.mobil, onde atoparán información detallada dos distintos atractivos turísticos de Tui.

Realizouse unha primeira tirada de 10.000 exemplares deste novo rueiro que se distribuirá polos establecementos hoteleiros de Tui ademais da Oficina de Turismo. Esta iniciativa enmarcase nunha serie de accións que xunto co plan director marcarán a promoción turística de Tui.

O BNG demanda melloras no transporte no Rosal

No pleno de setembro de 2015 aprobouse por unanimidade unha proposta do BNG no Rosal na que se instaba ao Concello a solicitar un servizo de transporte público para o alumnado do Rosal que estuda no IES A Sangriña.

"Levamos insistindo nada menos que tres anos para que o goberno local do PP entenda que o que hai que facer é solicitar formalmente da Xunta de Galicia o establecemento dunha liña de transporte público que coincida cos horarios de entrada e saída do Instituto da Guarda", afirma Ánxela Fernández, portavoz do BNG do Rosal.

Para o BNG, o Rosal precisa unha mellora xeral do

servizo de transporte público. Ademais do autobús do IES A Sangriña, as propostas son: unha liña directa co Hospital Álvaro Cunqueiro, recuperar a liña que comunicaba coa Universidade de Vigo e un servizo de transporte público que comunique as parroquias e barrios co Calvario.

Desde o BNG do Rosal seguiremos defendendo a necesidade de mellorar o transporte público no noso Concello, apunta a portavoz do BNG. "A cuestión é se a alcaldesa do Rosal, Mari Carmen Alonso, está disposta a defender e loitar polos intereses da veciñanza diante do Goberno do PP da Xunta de Galiza."

1000 sinaturas contra os recortes en Atención Primaria

Os concelleiros do BNG do Rosal veñen de presentar, o día 12 de setembro, polo Portelo no Concello do Rosal un total de 1.000 sinaturas da veciñanza Rosaleira dirixidas á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e ó Servizo Galego de Saúde (SERGAS) expresando e esixindo a reposición e mantemento do servizo médico completo da atención primaria no Concello.

É inxustificable por parte da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a existencia de calquera tipo de recorte (temporal ou permanente) da Atención Primaria no noso Concello. Falamos de saúde e de sanidade, un dereito fundamental e, para nós tamén unha prioridade, afirma Ánxela Fernández, portavoz do BNG do Rosal.



Ánxela Fernández lamenta que o goberno municipal do PP e a alcaldesa, Mari Carmen Alonso, non loitasen nin defendesen os dereitos da veciñanza diante desta situación no goberno da Xunta de Galicia do PP. Desde o BNG denunciouse a situación da man da deputada do BNG, Montse Prado, no Parlamento Galego.

PULPEIR  **S**
A R E N T E I R O
do Carballiño
 636634164
TODOS OS XOVES NA TABERNA TUI

Tomiño homenaxea a Tinita Ozores

Natural de Goián, filla de emigrantes e profesora de profesión, Clementina Ozores "Tinita", foi homenaxeada polo Concello de Tomiño, nun acto cívico, celebrado na Praza do Seixo, non marco das festas patronais do Alivio.

Nunha mañá tibia e luminosa, políticos da corporación local do Concello, ex-alcaldes, homenaxeados en anos anteriores; representantes da Mariña, Garda Civil, Policía Local; alcalde de Salceda de Caselas; familiares, amigos, veciños e ex-alumnos, arrouparon á homenaxeada nun acto sinxelo e emotivo que tivo momentos moi divertidos grazas ás palabras e actitude da propia galardoada.

Sobre as once da mañá, decenas de persoas congregáronse na Praza do Seixo, para asistir ao Acto Cívico que, hai algo máis dunha década, creou ou goberno local, para recoñecer a contribución de persoeiras e persoeiros tomiñeses nos máis diversos ámbitos.

Tinita, coma a coñecen todos en Goián e boa parte de Tomiño, foi a primeira en falar, dando ás grazas ao Concello por pensar nela coma alguén digno de tal homenaxe. "En Goián eu son coma unha referencia; moitos



rapaces din que queren ser coma min cando sexan maiores; o que non saben eles é que eu tiven uns comezos moi duros". Así comezou a súa intervención Tinita, quen fixo un repaso por algúns dos máis de 70 países visitados ao longo da súa vida, viaxes que a converteron nunha adiantada da súa época, aventureira e valorosa muller independente.

Previamente relatou algúns pasaxes da súa infancia e xuventude, en tempos da posguerra e contrabando; o seu paso pola universidade de Santiago, onde comezou estudando Farmacia e rematou licenciándose en Xeografía.

Por último, referiuse ao seu Goián natal coma a un

dos mellores lugares para vivir ben, e recomendou aos mozos e mozas non estar nunca ociosos e ter fe, confianza e esperanza no futuro.

A rexedora salientou tamén a faceta filantrópica de Tinita, pola súa activa implicación en todas as iniciativas sociais e culturais de Goián, coma a Asociación Antonio Fernández, o Centro Goianés, o Grupo San Roquiño, a Comunidade de Montes, etc.

Pechou o acto a presidenta da Agrupación Musical de Goián, Pilar Ramos, quen pronunciou unhas palabras de agradecemento a Tinita pola súa colaboración constante, facéndolle entrega dunha placa conmemorativa.

A Guarda solicita á Xunta unha partida orzamentaria para a nova Escola Infantil Municipal

O Concello da Guarda ven de enviar o Proxecto de Execución da futura Escola Infantil Municipal ao Conselleiro de Política Social e ao Xerente do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, paso previo para incorporalo nos orzamentos e para a súa posterior posta en marcha, dunha infraestrutura educativa moi necesaria no municipio.

A incorporación aos orzamentos deste proxecto é un paso moi importante para dar unha solución á demanda existente no noso municipio de prazas para educación infantil, contando, neste ano 2018, con 36 nenos e nenas que se quedaron sen praza para este curso.

É obvio a necesidade de incrementar estas prazas e a

necesidade dunha nova Escola Infantil Municipal, ante o desvío de escolares a escolas doutras localidades veciñas. O Alcalde da Guarda, Antonio Lomba clarexou que «non podemos permitir que os pais e nais teñan que levar aos seus fillos e fillas a escolas doutros municipios limítrofes, é preciso realizar esta inversión na Guarda e atender ás súas demandas, ofertando un servizo de calidade no seu propio pobo, evitando desprazamentos e molestias innecesarias».

Despois de manter xa varias xuntanzas co Conselleiro de Política Social e co Xerente do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, existe unha boa vontade de incorporar aos orzamentos da Xunta de Galicia este necesario e importante proxecto.



Verónica Vicente premiada na Bienal de Cerveira

Verónica Vicente, a artista visual tomiñesa, que se fixo cun dos primeiros premios de adquisición da XX Bienal de Arte de Vila Nova de Cerveira.

A súa videoperformance "Figuras decorativas" pasará a formar parte da colección permanente da Fundação Bienal de Arte de Cerveira, e poderase visitar até o 23 de setembro na

localidade fronteiriza.

Verónica Vicente naceu en Tomiño en 1988. Licenciouse en Belas Artes na Universidade de Vigo. Realizou un máster en Arte, Museología e



Crítica Contemporánea, na Universidade de Santiago de Compostela, e outro de Fotografía en EFTI, en Madrid.

Recibiu o primeiro premio no I Concurso Internacional de Fotografía de Escultura "Un Museo Imaxinario da Escultura", do Museo Nacional de Escultura, así coma o premio "Novos Valores 2011", na modalidade de fotografía, da De-

putación de Pontevedra.

Utilizando indistintamente a performance como a fotografía, Verónica Vicente traslada a reflexión sobre a identidade, do ámbito privado ao público, e a súa investigación artística céntrase en observar a capacidade socializadora que ten o home, e alertar sobre os perigos de perder a verdadeira identidade nese proceso.

LOURINHA

MOS

O III Plan Integrado de Emprego Mos 3.0 acada un 77% de inserción laboral

Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e o concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Novas Tecnoloxías, Óscar Soto, fixeron públicos os bos resultados da terceira edición do Plan Integrado de Emprego, PIE Mos 3.0 que, actualmente, conta cunha porcentaxe de inserción do 77%. Isto é, das 85 persoas participantes neste programa, o 77% está traballado ou traballou ao longo do mesmo. O terceiro PIE (Plan Integrado de Emprego) Mos 3.0 comezou o 1 de decembro de 2017 e rematará o día 30 de novembro deste ano.

O Plan está subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia con 159.685,84 euros e o Concello de Mos fi-



nancia unha parte con 32.706,74 euros, sendo o investimento total no mesmo de 192.392,58 euros.

O Plan Integrado de Emprego do Concello de Mos ofrece orientación laboral personalizada mediante asesoramento a emprendedores/as, formación, e prácticas en empresas; entre outras moitas accións como por exemplo o

II Foro de Emprego Actitude que se celebrou no auditorio do Centro Dotacional do Medio Rural de Torroso o pasado venres día 14, na que 5 empresas punteiras que presentaron as súas respectivas compañías e explicaron cales son os seus requirimentos mínimos imprescindibles para os candidatos que se presentan aos seus procesos de selección.

O BNG de Mos realizou unha charla en Pereiras para explicar a súa postura na modificación do Plan Xeral para o Celta

O pasado día 13 o BNG de Mos mantivo unha charla cos veciños e veciñas de Pereiras onde se lles explicou a postura en contra do BNG do proxecto do macrocentro comercial e cidade deportiva que pretende levar a cabo a empresa R.C. Celta S.A.D., ademais dixo explicouse en que consiste este proxecto así como a modificación do plan xeral para facelo e todo o impacto negativo que traería para os veciños e veciñas de Mos.

Tanto o Celta como o goberno do PP en Mos non están a dicir a verdade. As obras que se iniciaron a finais de agosto na parroquia de Pereiras non son os da cidade deportiva se non que son

dous campos de fútbol con vestiarios, algo que se pode facer en terreo rústico protexido con licencia directa do concello. Para poder facer a cidade deportiva e o centro comercial é necesario modificar o plan xeral para cambiar a cualificación do terreo de rústico a uso terciario, algo que inda non se fixo.

A modificación do plan xeral está feita ad hoc para a empresa R.C. Celta S.A.D. e iso inclúe todo tanto cidade deportiva como centro comercial non é algo que se poida separar como pretender vender algúns é un proxecto unificado ou se está en contra de todo ou a favor de todo, nisto as medias tintas non serven.

O BNG de Mos rexeita este proxecto totalmente xa que non é compatible cun concello ordenado e ecoloxicamente sostible, ademais os centros comerciais destrúen mais emprego do que crean prexudicando gravemente o pequeno e mediano comercio, e dende logo o concello co PP o fronte non ten que pórse a disposición dunha empresa para que se lucre a conta nosa se non que ten que defender os intereses dos mosenses.

Dende o BNG de Mos pelexamos por un concello digno para vivir, onde as empresas son benvidas sempre que sexa dunha forma ordenada, respectuosa co medio ambiente e cos veciños e veciñas.

O BNG denuncia a falta de mantemento de beirarrúa e mobeis da zona de Puxeiros

De nada vale inaugurar se logo non se manteñen as cousas. Hai pouco tempo asistimos á inauguración da humanización dunha parte do vial de Puxeiros, a antiga N 120. Calquera humanización está ben, aínda que sempre se poida mellorar o proxecto, o Bng non se vai mostrar en contra.

Pero o problema é que por moito que fagas cousas, se logo non as mantés, acaban deteriorándose e non hai que esquecer que é diñeiro público, que co paso do tempo hai que voltar a investir.

Pois isto é o que acontece na zona que leva anos urbanizada en Puxeiros, e é só

un exemplo, as baldosas están fóra do sitio, supondo un perigo evidente para os viandantes, e esto sucede en bastantes zonas da beirarrúa. Ademais os bancos están sen mantemento, necesitan imperiosamente una man de berniz, e eso que se lle advertiu ao goberno nun pleno e nin caso fixeron. Hai que facer un seguimento as beirarrúas e mobiliario para que deixen de deteriorarse, por suposto está ben inaugurar, pero non se poden esquecer das cousas que xa están feitas.

Esperemos que a febre electoralista que invade ao goberno deixe un oco á cordura.



SALCEDA DE CASELAS

Chega a VI ruta do Pincho Folk

Tralo enorme éxito acadado os anos anteriores, as Concelleiras de Comercio e Cultura do Concello de Salceda, Loli Castiñeira e Tere Pérez, acompañadas dunha representación dos hosteleiros e hosteleiras da vila, veñen de presentar a VI Ruta Pincho Folk, que se vai celebrar durante os venres e sábados do 7 ao 29 de setembro (ambos incluídos). Un total de 15 establecementos van participar na ruta, repartidos en dúas rutas: venres e sábados. Nos locais serviránse pinchos ao prezo de 1 € en horario de 20:00 a 23:59.

ruta de pinchos conta co engadido do folk, quedando

aberta a participación a todos aqueles/as gaiteiros/as, pandeireiros/as ou músicos/as en xeral que desexen asistir e pasar unas boas noites de foliada na compañía da mellor gastronomía.

Os locais lucirán un distintivo nas súas fachadas, que os sinala como establecementos participantes no Pincho Folk, diferenciando así mesmo entre a ruta dos venres e a ruta dos sábados. Os/as clientes que degusten os pinchos en diversos locais entrarán no sorteo de premios como circuítos termais, lotes de produtos ou cheques en efectivo. Para elo terán que recoller as tarxetas de participa-

ción nos establecementos hosteleiros e ir cubríndoas en cada un dos locais visitados. Tamén os/as hosteleiros/as optarán ao Pincho de Ouro elixido pola clientela e aportado por ACISA.

Loli Castiñeira, Concelleira de Comercio e Turismo, presentou o evento como una importante iniciativa para dinamizar o pobo e sobre todo os establecementos hosteleiros. “Pensamos en seguir organizando este tipo de eventos que apoien ao comercio local, neste caso á hostelería. O Concello plantexou a iniciativa e estamos moi satisfeitos coa acollida que tivo por parte dos diferentes establecementos



e coa colaboración obtida dende o primeiro momento”.

Tere Pérez, Concelleira de Cultura, aproveitou para convidar aos diferentes grupos de música tradicional a participar no evento. “As diferentes iniciativas que levamos a cabo para as agrupacións de gaiteiros/as e pandeireiros/as teñen sempre grande acollida,

como no caso da Agrupación Gaiteira de Salceda ou do Serán dos Callos. Tamén o Pincho Folk segue na mesma liña, polo que aproveitamos para convidar a todos/as aqueles/as afeccionados/as á música tradicional para que veñen botar unhas pezas e desfrutar dos exquisitos pinchos que preparan os/as hosteleiros/as”.

O Concello de Salceda apoia os Venres Negros da CRTVG e CRTVE-Galicia

O Pleno do Concello de Salceda de Caselas aprobou, cos votos a favor de Movemento Salceda e do PSOE e coa abstención do Partido Popular, a moción presentada polo grupo de goberno en apoio ás reivindicacións que dende fai meses veñen mantendo os empregados e empregadas da CRTVG e de CRTVE-Galicia na defensa duns medios de comunicación públicos imparciais e transparentes, e en contra da manipulación informativa. Lamentan dende o equipo de goberno que o PP non quixese unirse á moción e que polo tanto non puidese ser aprobada de xeito unánime.

Un dos pasos máis recentes, e que por vez primeira organizan conxuntamente os comités de empresa da CRTVG e de CRTVE-Galicia, é a convocatoria da manifestación pola dignidade dos medios públicos de comunicación o vindeiro 8 de setembro en Compostela, que su-

porá un acto de reivindicación conxunto dos empregados e empregadas de ámbalas dúas entidades, e que percorrerá o camiño entre as sedes dos dous medios en San Marcos ata rematar na Praza das Praterías, que dará sen dúbida unha maior visibilización ás protestas e reclamacións dos e das profesionais que forman ámbolos dous medios. A moción aprobada polo Pleno de Salceda de Caselas recolle tamén o apoio a dita manifestación, na que por parte do Goberno Municipal participarán o Alcalde Marcos Besada e a Tenente de Alcalde, Loli Castiñeira.

No ano 2011 aprobouse a Lei 9/2011, de 9 de novembro dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia para garantir, entre outras cousas, a pluralidade obxectividade dos medios audiovisuais en Galicia. A lei recolle no seu artigo 4 “A obxectividade, imparcialidade, veracidade e neutralidade informativa, así como o

respecto á liberdade de expresión e á formación dunha opinión pública plural” para a CRTVG, así como “a creación dun consello de informativos como órgano interno de participación dos profesionais da información da Corporación RTVG, co fin de velar pola independencia, veracidade e obxectividade dos contidos informativos difundidos por todas as súas canles” no artigo 36.

Sen embargo, sete anos despois a realidade é ben diferente, e o pasado 31 de maio os/as profesionais da radio e televisión pública galega deciden unirse ás protestas que xa viñan mantendo en CRTVE a través dos denominados “Venres negros”, manifestando a súa disconformidade co control gubernamental da Televisión de Galicia e da Radio Galega. A plataforma “Defende a galega”, creada no marco destas protestas ven defendendo dende entón a súa imparcialidade política, e o seu único interese en reivindicar



uns medios públicos que só defendan aos galegos e galegas, destacando como principal demanda a creación do Consello de Informativos que establece a lei, e que nunca chegou a ser posto en funcionamento, como unha ferramenta fundamental que garanta o traballo independente dos e das profesionais que traballan na TVG e na RG.

Por outra banda, inciden os traballadores e as traballadoras no risco real de desmantelamento da entidade pública, tal e como ven acontecendo co peche das delegacións da TVG existentes ata fai poucos anos, coa eliminación das descon-

xións da Radio Galega e do Diario Cultural e co cada vez máis crecente esmorecemento da produción propia.

Marcos Besada, Alcalde de Salceda: “O Concello de Salceda, como non podía ser doutro xeito, únese ás reivindicacións por uns medios públicos plurais e libres de manipulación. O dereito á información é un dereito fundamental que debemos defender por enriba de calquera tipo de interese político, polo que non podemos permitir a censura nin ningún tipo de distorsión nos mesmos, máxime cando estamos a falar dos medios públicos que pagamos entre todos e todas”

LOURINHA

O PORRIÑO

0 persoal de Maderas Iglesias manterá a folga ao non confiar nas novas promesas da dirección

A folga indefinida en Maderas Iglesias continuará ao non aceptar o cadro de persoal os compromisos adquiridos pola patronal coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais o pasado día 11 de setembro, 15º día da folga indefinida. A proposta, que contemplaba un calendario de pagamentos dos salarios adebedados e dos atrasos, requiría a suspensión dunha folga que se prolongará debido á desconfianza xerada tras anos de incumprimentos.

Co ánimo intacto despois de dúas semanas de paralización total da empresa. A unanimidade coa que as traballadoras/es da empresa de fabricación de tarima flotante con sede no Porriño afrontaron a convocatoria da folga indefinida non decae, e entra na



terceira semana desafiando as novas promesas efectuadas por unha patronal, á que, a estas alturas, dan escaso crédito.

Así pois, e a pesar da mediación efectuada o día 11 polo Consello Galego de Relacións Laborais, que resultou nunha listaxe de compromisos

que incluía un calendario de pagamentos das nóminas adebedadas, o persoal expresou a súa negativa a depor a loita na asemblea celebrada ás 19 horas no Velódromo do Porriño.

Lembran, como exemplo recente, o incumprimento das

condicións pactadas tras o ERE de xuño deste ano – que lograron reverter de 150 a 34 ceses- pero cuxas indemnizacións aínda non foron abonadas. Tamén o calvario vivido tras oito anos de conxelación salarial, así como a demora continua e incumprimentos no

pago de nóminas, das que a día de hoxe seguen pendentes a de agosto e a extra de xullo do ano vixente.

Piden, ademais, o respecto da Xunta á decisión tomada pola asemblea de traballadores, reivindicando que a administración se implique de xeito pleno na consecución de investidores de cara a lograr un futuro para a empresa.

Manifestación en Vigo

O persoal de Maderas Iglesias manifestose o día 12 en Vigo na 16ª xornada de folga indefinida, reafirmando a súa vontade de loita para esixir o pagamento dos salarios adebedados e un futuro para os 200 postos de traballo.

Percorreron o traxecto entre a casa dun dos donos da empresa e a Xunta de Galiza, realizando unha parada no hotel NH, tamén da familia propietaria.

73% de colocacións en cursos de formación acordados entre o Concello e empresas da automoción

O 17 de setembro, 7 participantes no 'Curso de carreteiro e loxística' no Grupo Maviva, especializado en servizos loxísticos e pre-montaxes para o automóbil, comezon na planta desta empresa a súa formación práctica.

Dende a Concellería de Em-

prego e Formación, que dirixe Soledad Girón, subliñase que no que vai deste ano executáronse xa 14 convenios de formación en empresas do sector da automoción, entre elas Maviva, Gestamp, Viza, Grupo Automotive Systems SA e Lear.

Estes convenios con em-

presas da automoción, que abranguen formación teórica en instalación do Concello do Porriño e formación práctica nas mesmas empresas, "contaron nos meses que transcorreron deste 2018 con 66 participantes dos que 46 foron contratados polas empresas,

o que representa un 73%".

A concelleira subliña que nalgúns casos, coma no do curso de soldadura 'Mig Mag', "acadou un 100 por 100 con 8 participantes que foron contratados pola empresa coa que se asinara o convenio de colaboración".



Talleres Guiller Motor



Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)
Tel/Fax 986 66 15 41

Venta de vehículos usados



Panadería Pastelería A Fogaza



Pan Artesano

Dario Bugallal, 7 Pontearreas
Telf: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

O PORRIÑO

O Concello leva o saneamento a 11 vivendas do Casal, en Budiño

A Concellería de Vías e Obras, simultaneando os seus traballos cos de asfaltado que a Deputación de Pontevedra está a realizar na estrada EP-2405, ao seu paso polo barrio de Casal, na parroquia de Budiño, está a levar o saneamento a 11 vivendas deste lugar.

Manuel Carrera lembra que para poder realizar esta obra o Goberno local aprobara, pola vía de urxencia, a redacción dun proxecto que supuxo impulsar unha modificación orzamentaria moi criticada polo Partido Popular”, dado que se fixera pouco tempo despois de que o Pleno aprobase os orzamentos municipais, os primeiros que ten O Porriño en seis anos.

“Pois ben”, engade o tenente de alcalde, “grazas a ese proxecto e esa modificación orzamentaria, que era necesaria, en contra do criterio amosado polo PP, as veciñas e veciños desta parte de Casal verán cumprida unha antiga demanda e, o que é moito máis importante: terán acceso ao saneamento, que é o que tiñamos que garantir dende o Concello”.



Carrera subliña que para que isto sexa unha realidade vanse instalar 518 metros lineais de tubaxe de 315 mm de diámetro, se completarán 11 acometidas, remataremos 19 pozos de rexistro e 5 sumidoiros de pluviais, ademais de varios ‘cruzamentos’ de abastecemento para vivendas que precisaban pasar á outra parte da estrada para acceder á rede municipal.

Manuel Carrera amosa a súa “ledicia” por cumprir cunha

demanda de hai anos das veciñas e veciños e agradece á Deputación de Pontevedra que “atendese, de novo, as nosas solicitudes” arranxando unha estrada que ten treitos que non se tocaban dende hai máis de 10 anos.

As obras que comezaron hai dúas semanas e que contan cun orzamento total de 50.000 euros, estarán rematadas a principio do vindeiro mes de outubro.

Remata a reforma do Torreiro da Forna en Budiño



A Concellería de Vías e Obras que dirixe Manuel Carrera, vén de facer realidade o compromiso que o propio concelleiro adquirira coas veciñas e veciños de Budiño, e rematou os traballos de reforma do Torreiro da Forna.

As obras abrangueron o axeitamento do propio torreiro, a pavimentación da zona a colocación de beiravías de formigón, a mellora da zona de aparcamento de vehículos, a situación dun paso peonil, ademais da recollida de augas pluviais do

Centro Cultural e a colocación dunha nova tubaxe de saneamento.

Manuel Carrera subliña o feito de que os traballos fixéronse con cargo ao Plan Concellos da Deputación 2017 e que os mesmos contaron cun orzamento total de máis de 45.000€, “cos que non so recuperamos un lugar que é o centro das festas de San Blas, senón que melloramos e enriquecemos unha parte da parroquia de Budiño especialmente querida polos seus habitantes”.



Concello do
Porriño

unha ollada diferente

Máis de 325.000 persoas visitaron este verán o Parque Nacional das Illas Atlánticas

Un total de 325.417 persoas visitaron entre xuño, xullo e agosto unha das catro illas que conforman o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Esta cifra preliminar foi aportada pola directora xeral de Patrimonio Natural, Ana María Díaz, durante a rolda de prensa para presentar o balance de visitas ás illas do Parque Nacional, onde indicou que se trata de "cifras preliminares", á espera do peche das bases de datos co fin da campaña no mes de setembro.

Tal e como explicou a directora xeral, o total de visitantes ás illas Cíes, Ons, Cortegada e Sálvora tradúcese nun incremento dun 4,1%, respecto do ano anterior, cando se rexistraron un total de 312.420. A modo xeral, no conxunto das catro illas, agosto foi o mes no que se rexistrou un maior número de visitantes; mentres que nos meses de xuño e xullo incluso estivo por debaixo das cifras rexistradas o ano anterior ou con incrementos leves.

Destacou o número de vi-

sitantes no mes de agosto na Illa de Sálvora que experimentou un incremento dun 91%, ao pasar do 3.483 visitantes aos 6.654 en agosto de 2018. Outro dato que vén sendo habitual cada verán é que Cíes segue a ser a illa con maior afluencia do parque, con 205.168 visitantes, un 8,2% máis que en 2017.

Ana María Díaz detallou que do global de visitantes de Cíes un total de 144.419 accederon mediante o transporte en navieiras para visitas durante o día e 17.954 fixeron pernocta no camping; é dicir, mais de 160.000 persoas se adaptaron ao novo sistema de acceso implantado pola Xunta, e trasladou o agradecemento a todos os visitantes adaptarse aos trámites, porque grazas a esta dinámica a Xunta evitou os problemas detectados o verán pasado. Engadiu que en termos xerais o sistema de control funcionou axeitadamente, permitindo o correcto control da cota de acceso. Non obstante, a Xunta analizará as súxestións dos usuarios para facer cambios no deseño para facer



A directora xeral de Patrimonio Natural, Ana María Díaz presentando os datos

se cabe máis intuitivo e navegable o proceso.

En canto á procedencia dos visitantes de Cíes, un 79% foron españois, fronte ao 21% estranxeiros. Dos visitantes españois, un 36% son galegos, sendo os pontevedreses -un total de 60.013-, seguidos polos coruñeses (16.146), ourensáns (4.425) e lucenses (3.125), os que máis visitan ás Cíes.

Plan reitor de usos e xestión

A directora xeral de Patrimonio natural tamén avanzou que a finais de setembro se celebrará unha reunión do Padroado do Parque, para presentarlle o texto final do Plan Reitor de Usos e Xestión do Parque Nacional. Recordou que este documento foi so-

metido a información pública e se presentaron un total de 87 alegacións, que na actualidade se está a rematar a valoracións das mesmas.

Indicou que unha vez superado dito trámite o proxecto de decreto polo que se aproba o PRUX someterase aos informes preceptivos, entre os que se atopan o do Comité de Coordinación e Cooperación de Parques Nacionais, o do Consello da Rede de Parques e o do Consello Galego de Medio Ambiente. Indicou que as previsións coas que traballa o departamento de Medio Ambiente son aprobar este mesmo ano o Decreto do Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas.

Aberto o prazo de inscrición nas Escolas Deportivas da Deputación

Está aberto o prazo para inscribirse nas escolas deportivas "DEPORTE ESCOLAS 2018" da Deputación de Pontevedra.

Un programa totalmente gratuito que busca promover a actividade físico-deportiva das nenas e nenos en idade escolar.

As modalidades deportivas que ofrece en Ponteareas son judo, balonmán e fútbol. Os horarios poden consultarse na seguinte ligazón <https://www.depo.gal/web/edepo/-/deporte-escolas-concello-ponteareas>

A inscrición é telemática e terá que realizarse na seguinte ligazón web <https://procedementos.depo.es/formularios/?depo-preinscripcion-escolas>

Todo aquel ou aquela que teña dúbidas sobre a inscrición pode achegarse ao departamento de deportes do concello.

O prazo de inscrición remata o vindeiro 28 de setembro.

